

Horta de conservación de froiteiras

TIPO DE PROXECTO: Desenvolvemento sostible e conservación do patrimonio natural e da biodiversidade

Enlaces: www.sansadurnino.gal

Concello: San Sadurniño

Provincia: A Coruña



A Horta de conservación de froiteiras autóctonas "Carlos Fornos" é unha infraestrutura verde destinada á preservación e á difusión do patrimonio natural, e nomeadamente das froiteiras das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.

Tendo en conta a potencialidade existente e necesidade de pór en valor os recursos endóxenos do territorio, en 2007, o Concello de San Sadurniño asina un convenio coa AGFA para cederlles unha parcela dunha hectárea na que establecer unha horta de conservación das variedades autóctonas frutícolas da comarca.

Posteriormente o Concello tamén asina outro convenio coa AGA Ferrolterra para implantar un apiario didáctico no recinto da Horta, con 5 colmeas, de cara a promover o mundo da apicultura, pero tamén para complementar a mellora da instalación, ao facilitar a polinización das froiteiras.

Unha vez creado este espazo o seu cometido é preservar a biodiversidade frutícola, pero tamén difundir as potencialidades do sector, de cara a recuperar a súa importancia na economía agraria da comarca. Para iso celébranse diferentes cursos e eventos de formación e cualificación, organízanse visitas guiadas e celébranse feiras e mercados que permiten reactivar a economía de proximidade.

ELEMENTOS SALIENTABLES

O cerne deste proxecto está na colaboración e na cooperación entre diferentes actores, públicos e privados, para dinamizaren e apoiaren os recursos endóxenos, valorizaren o patrimonio e xeraren novas expectativas de desenvolvemento sustentable. Neste contexto o papel de liderado dos concellos e a implicación do persoal técnico son elementos indispensables.

www.sansadurnino.es

<http://www.falamedesansadurnino.org/imaxe/a-arca-de-noe-da-froita>

<http://agfadoeume.blogspot.com.es/2012/08/horta-de-conservacion-e-demostracion.html>

ENTIDADE PROMOTORA:



AEDL:

Ignacio Fernández López

ENTIDADES COFINANCIADORAS



ENTIDADE/EMPRESA EXECUTORA

